

ACTA DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2023

-----oo0oo-----

Na Sala de Xuntas do Edificio Fernández López do Museo de Pontevedra, sendo as dez horas e dez minutos do día doce de xuño do ano dous mil vinte e tres, reúnense as persoas que conforman o xurado do Certame de Artes Plásticas “Novos Valores 2023” e que se indican a continuación:

Presidente: José Manuel Rey García, Director do Museo de Pontevedra, escusando a asistencia do presidente do xurado, Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación.

Vogais: - María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo).
- Ramón Rozas Domínguez, Xornalista cultural e crítico de arte.
- Susana González Martínez, Directora da Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ).
- Carmen Nogueira Alonso, Artista e doutora en Belas Artes (Universidade de Vigo).
- Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, Conservadora de Fondos Xerais do Museo de Pontevedra.

Secretario: Manuel Carramal Silva, técnico de administración xeral da Deputación, quen escusa a presenza de Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra por motivos laborais ineludibles.

Dito xurado foi nomeado mediante Resolución Presidencial de 25 de maio de 2023 (núm. 2023004164).

Polo Presidente declárase constituído o xurado ao asistir a totalidade das persoas que o integran, agradecéndolle a súa participación e implicación neste Certame.

Tamén se comunica ás persoas integrantes do xurado que as obras cuxos números corresponden ao 20 e 33 quedan excluídas do procedemento xa que identifican a súa autoría, feito que incumpre as bases do presente procedemento (base 7.5). Por outra banda, as propostas cos números 1 e 42 son eliminadas xa que non achegan unha proposta técnica xunto coa obra que presentan ao certame (base 7.5).

De seguido, procedese a proxectar nunha pantalla as distintas obras presentadas que foron previamente enviadas ás persoas que integran o xurado, para a súa análise crítica e posterior decisión sobre a selección ou non das mesmas.

Trala referida análise procedeuse á selección das obras consideradas máis relevantes, decidindo o xurado seleccionar un total de 20 obras do total das presentadas, cuxos códigos e títulos son os seguintes:



	CÓDIGO	TÍTULO
1	prw/N6BCjoxWisBHVx6yrQ==	A la vera vera
2	s8xjGcdyQMF2bFb8ZQPHaA==	Matrimonio Arnolfini
3	s8xjGcdyQMFWk+dOm29/rA==	Éramos once en el grupo de whatsapp
4	mtt6KBFwajC+d7KqGF7TiQ==	Insectario
5	cLaRCJHzbcJN89xHs6icA==	1851-1888-1900
6	prw/N6BCjoyoMwlr2ZymBg==	04/03/23
7	fZhdLORpzEdJG6h5XbFVlg==	Pigs
8	7gjunWP50XNY1fDfyQmElg==	Nunca más
9	piOpM41CooxkkBen5AKg==	Monstruo y puerta roja
10	/CLaRCJHzbcT7VHv/yqxuA==	Va ser que no
11	RMTno9RnkOkog/qlSmA+g==	Caja-Casa-Caja
12	RMTnoRnKOKmBoS+onlKA==	Un laburo artístico de orden e escala
13	RMTno9RnkOlhc6ZaDM5VXA==	Estados intermedios Estados residuales
14	mtt6KBFwajCmTNx41+kBJA==	Realidad y Color
15	RMTn09RnkOkmwltQkaYO7Q==	Ameixas de porcelana
16	fZhdLOR9zEeHCtpzfh1Gig==	Apto/No apto
17	/CLaRCJHzbcZDoLZVWUAjw==	A paisaxe da pesca
18	7gjunWP50XOH9pVFfAyQlw==	Canto custa unha imaxe?
19	RMT09RnkOm9W8Al49Ui2w==	Percorrer, atravesar, andar...
20	RMTn09RnkOmhtTKWBniFkg==	Instalación 1 versión 3

As obras seleccionadas, de acordo coas condicións establecidas no punto 9 das Bases do certame, entregaranse entre o 26 e o 30 de xuño de 2023, de 9 a 14 horas no Edificio Castelao do Museo de Pontevedra.

Así mesmo, acórdase que o xurado se reúna o próximo luns día 10 de xullo do 2023 ás 10:30 horas, no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para que coas obras seleccionadas e expostas xa no Museo, e antes de inaugurar a mostra, se designe no seu caso, aos catro gañadores das bolsas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a reunión, sendo as once horas e trinta e oito minutos, do que, como Secretario, dou fe.

